

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

ROMPENDO MOLDES

XOVES 20 FEBREIRO 2025

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Mirabelle Kajenjeri, piano

CONVERSANDO CON... Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19.45 h



PROGRAMA

I

CLAUDE DEBUSSY (1862-1918)

Prélude à l'après-midi d'un faune

FRANZ LISZT (1811-1886)

Concerto para piano núm. 2
en La maior, S. 125

Adagio sostenuto assai - Allegro agitato assai

Allegro moderato

Allegro deciso - Marziale un poco meno allegro

Allegro animato

II

JOACHIM RAFF (1822-1882)

Sinfonía núm. 5 en Mi maior,

op. 77 "Lenore"

Liebesglück

Trennung

Wiedervereinigung im Tode

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

PIANO

Mirabelle Kajenjeri

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Michal Ryczek
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Yiran Niu ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Enrique Roca
Samira Ajkic
Helena Sengelow

Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Pedro Budiño ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Ignacio Marino
Anne Schlossmacher
Xiana Baliñas ***
Inès Fernando ***

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Millán Abeledo **
Manuel Lorenzo
Carlos García
Fabio Arias
Thomas Piel
Esther Fernández ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Irene Sancho ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Belén Aragunde ***

ÓBOES

Esther Viúdez *
Avelino Ferreira **
Rut Santiago (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Erika García ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela
Xavier Ramón
Jordi Ortega *
Roi Guzmán ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Oscar Rial ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

ARPA

Bleuen Le Fric (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Jorge Denis ***

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Nacido en Suíza e residente en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música

á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra na que dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Bar-

MIRABELLE KAJENJERI

PIANO

celona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams* de Klinghoffer na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

Desde o ano 2023, Baldur é o director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia e director da Escola de Altos Estudos Musicais.

O seu primeiro álbum, *Étincelles*, foi lanzado en colaboración co selo KNS Classical (2022). En 2024, convértese en laureada da Fundación Gautier Capuçon e comeza unha residencia artística na Capela Musical Raíña Isabel, en Bélxica.

Nacida en 1998 de pais burundianos e ucráinos, tivo a oportunidade de destacar esta mestura singular, como oradora convidada no evento TEDxRoubaix (TED Talk).

O seu talento foi recoñecido e premiado en numerosos concursos internacionais; entre eles, recibiu primeiro premio do Concurso Internacional de Piano Santa Cecilia (2021), o segundo premio do Kissinger KlavierOlymp (2023), foi semifinalista do Concurso de Mestres de Piano Arthur Rubinstein (2023) e do Concurso Internacional de Piano de Cleveland (2024).

Tamén acadou galardóns de fundacións como a Fondation Gautier Capuçon (2024), a Fondation Safran (2023), a Wilhelm Kempff Foundation, a Lieven Piano Founda-

MIRABELLE KAJENJERI

PIANO

tion Vienna (2021), a Yamaha Music Europe Foundation (2020) e a Yehudi Menuhin Live Music Now (2019).

Mirabelle Kajenjeri actúa regularmente en Europa, no marco de festivais de sona como Flagey Piano Days, Kissinger Sommer, Lille Piano Festival, ou Piano Campus Festival e colabora asiduamente con orquestras como a Orchestre de Picardie, Orchestra Filarmonica Pugliese, Brandenburgische Staatsorchester Frankfurt e a Orquestra Filarmónica Portuguesa.

Ademais da súa actividade concertística participa activamente en programas de divulgación musical para os máis pequenos, así como en presentacións en eventos corporativos (Ernst&Young).

Despois de graduarse na Universität für Musik und darstellende Kunst Wien, a Hochschule für Musik, Theater und Medien Hannover e o Conservatoire Royal de Bruxelles, estudou con Anna Malikova, Ewa Kupiec, Mihail Faerman, Vladimir Soutanov. Foi Natalia Grebennikova

quen a axudou a descubrirse como pianista aos 5 anos de idade, en Kiev.

Esta nova artista ten varias cordas no seu arco, xa que xunto á súa carreira como pianista tamén é unha apaixonada do violín.

Estudando ambos os instrumentos desde a infancia, Mirabelle Kajenjeri obtivo a súa licenciatura en 2018 no Conservatoire Royal de Bruxelles con gran honras en paralelo co seu título de piano.

Os seus profesores foron Lorenzo Gatto, Olga Zolotareva, Ning Kam e Elizabeth Degrenand.

NOTAS AO PROGRAMA

ROMPENDO MOLDES

Rompendo moldes é o título deste novo concerto da temporada 'Inconformistas' da Real Filharmonía de Galicia no que nos achegaremos a tres personalidades transgresoras e pouco convencionais: Claude Debussy, Franz Liszt e Joachimm Raff.

Abre o programa *Prélude à l'après-midi d'un faune* (*Preludio á sesta dun fauno*) de Claude Debussy (1862-1918), considerado un dos autores máis revolucionarios da historia da música. O compositor francés naceu en Saint-Germain-en-Laye o 22 de agosto de 1862 no seo dunha familia humilde e totalmente desvinculada da música. Porén, as súas dotes excepcionais fixeron que ingresara no Conservatorio de París con tan só 10 anos e nesta prestixiosa institución musical estudou con Marmontel, Lavignac, César Franck (órgano), Massenet e Guiraud. Posteriormente, distintas viaxes e estancias por Europa (Rusia, Austria) enriqueceron a súa formación e cultura grazas ao apoio de distintos mecenas, ademais de gañar o famoso Prix de Roma que

concedía unha bolsa de dous anos para estudar en Italia. En 1887 instalouse en París definitivamente e alí comezou a frecuentar círculos artísticos onde contactou con escritores entre os que cabe destacar a Mallarmé, Verlaine ou Proust; e tamén con pintores que o influirían moito. Morreu na capital francesa o 25 de marzo de 1918 a causa dun cancro. Debussy foi un músico anticipado á súa época e os cambios introducidos nos usos harmónicos e orquestrais convertérono nunha das forzas máis influentes da historia da música que deixaron pegada en compositores como Ravel, Messiaen, Boulez, Puccini, Janacek, Strauss, Scriabin, Ives, Falla, Bartók, Stravinski ou Berg. En relación ao seu estilo, existe un intenso debate terminolóxico, que levou a uns a defender a etiqueta impresionismo musical e a outros a de simbolismo musical. Independentemente da nomenclatura, Debussy creou un estilo moi persoal e individual no que mesturou elementos diversos. Da tradición francesa colleu a preferencia pola sensibilidade e o gusto pola contención (opoñéndose deste xeito ao xigantismo de autores como

Wagner, ao que coñeceu cando asistiu á estrea en Bayreuth de *Parsifal* e *Tristán e Isolda*); asimilou ideas de compositores rusos como Korsakov e Musorgski; introduciu elementos da música medieval, en particular do xénero do *organum* paralelo e tamén da música de Asia –Xava, China, Xapón– coa que entra en contacto na Exposición Universal de París de 1889.

O seu catálogo inclúe obras de diversos xéneros como música para piano, pezas para orquestra (*La mer*, *Images*, *Jeux*), ballets ou música vocal. A obra que hoxe escoitamos, *Prélude à l'après-midi d'un faune* é unha das máis coñecidas. Trátase dun poema sinfónico baseado na poesía de temática erótica *Preludio*, *interludios* e *paráfrase final para a sesta dun fauno* (1886) do poeta simbolista Mallarmé. Nun principio o compositor pensara nun tríptico, pero finalmente desbotou a idea. Foi composto entre 1892 e 1894 e estreouse o 22 de decembro de 1894 na Sociedade Nacional de Música de París baixo a batuta do director suízo Gustave Doret.

Uns anos despois, en 1912, foi coreografado para os Ballets Rusos de Diaghilev por Nijinski, quen tamén se encargaría da primeira versión da *Consagración da Primavera* de Stravinski un ano despois. Esta versión bailada provocou unha forte polémica polo erotismo da coreografía. A obra non é música descritiva nin busca unha intensa expresión emocional, simplemente pretende evocar ou facer unha referencia indirecta. O propio Debussy explicaba as súas intencións nun breve texto que acompañou a versión orixinal: «Unha ilustración moi breve do fermoso poema de Stéphane Mallarmé, que non pretende de ningunha maneira ser una síntese deste, senón máis ben describe os decorados sucesivos a través dos que se moven os desexos e os soños do fauno durante a calor da sesta. Despois, canso de perseguir a fuxida temerosa das ninfas e das náíades, déixase vencer polo sono embriagador, cheo de soños ao fin realizados, de posesión total na natureza universal». Atendendo á estrutura atopamos tres partes, A B A'. Na primeira, A, escoitamos 3 veces o tema do fauno,

uns arabescos interpretados pola fruta. A sección central, B, subdivídese á súa vez en: B1 (un tema tocado polo óboe, seguido dunha melodía nas madeiras e un solo de violín que emulan os xogos amorosos do Fauno) e B2 (a corda toca sobre un arpexado da arpa para retratar a éxtase sexual frustrada). Finalmente, A' consiste nunha recapitulación abreviada do tema do fauno. O máis característico que nos transmite a escoita da obra é a idea dun fluír continuo, sen sensación de pulso, e as orixinais cores orquestrais conseguidas polo emprego de instrumentos como a arpa ou o uso de sordinas e de técnicas instrumentais particulares.

A continuación, Mirabelle Kajenjeri interpretará xunto coa orquestra o *Concerto para piano núm. 2 en La maior, S.125* de Franz Liszt. O autor naceu en Raiding (Hungría) e morreu en Bayreuth –onde acudira a unha representación de *Parsifal* de Wagner, o seu xenro– en 1886. Ademais de compositor foi un célebre e aclamado virtuoso do piano, e tamén director. Formouse no instrumento con Czerny e

en composición con Salieiri e debutou con 9 anos. Entre 1839 e 1847 realizou máis de 1000 concertos en distintas xiras por toda Europa. Considérase que foi o primeiro en ofrecer concertos para piano só nun gran auditorio que denominou recitais (este nome aínda se utiliza) e un dos primeiros en tocar de memoria. Os anos en París (1823-1835) foron moi importantes na súa traxectoria, xa que alí coñeceu a Berlioz e a Chopin e tivo acceso ás melloras que se estaban introducindo no seu instrumento como a ampliación do rexistro ou o sistema de dobre escape da casa Erard que, precisamente, el estreou. En 1842 instalouse en Weimar como *Kapellmeister* e empezou a escribir para outras agrupacións e instrumentos, pois ata o momento só o fixera para o piano. Alí compón a maioría dos poemas sinfónicos –xénero do que se considera creador e que consisten en obras nun único movemento que pretenden facer referencia de maneira máis ou menos explícita a algún elemento extramusical– e os seus dous concertos para piano e orquestra. O seu catálogo inclúe ademais dúas

sinfonías, orquestracións das súas propias obras de piano (por exemplo as famosas *Rapsodias húngaras*) e abundante música relixiosa, á que se dedicou especialmente os últimos anos. O *Concerto para piano núm. 2 en La maior*, S.125 foi esbozado en 1839 (contemporáneo polo tanto do núm. 1), pero non o rematou ata dez anos despois. Estreouse no Teatro da Corte de Weimar o 7 de xaneiro de 1857, dirixido por Liszt e interpretado por un alumno seu, Hans von Bronsart. Posteriormente revisouno e a versión definitiva é de 1861. O concerto ten unha forma rapsódica e está dividido en 6 movementos encadeados mostra da liberdade estrutural típica do Romanticismo que rompeu cos moldes propios do Clasicismo. Varios temas circulan a través de todo o concerto (forma cíclica) e a obra no seu conxunto é un *tour de force* como a maior parte das obras de Liszt que presenta unha grande influencia doutro virtuoso do momento, o violinista Paganini.

A última obra do programa é a *Sinfonía núm. 5 en Mi maior*, op. 77 "*Lenore*" (1872) de Joachim Raff (1822-1882). O compositor naceu en Lachen (Suíza) en 1822 e morreu en Frankfurt en 1882. Traballou como mestre de escola e a súa formación musical foi autodidacta. Porén, un acontecemento vital marcaría a súa traxectoria posterior: a partir de 1850 foi

secretario persoal de Liszt e moitas veces aquel confioulle algunhas orquestracións, aínda que seis anos despois abandonou o posto pola carga de traballo. O seu catálogo inclúe: 2 óperas, *lieder*, pezas para piano, aberturas e suites para orquestra, cinco sinfonías programáticas, un concerto para piano, dous para violín, dous para violonchelo e unha sinfonietta para grupo de ventos. A pesar de acadar un relativo éxito durante a súa vida e ser apoiado por autores como Mendelssohn, caeu no esquecemento tras a súa morte.

A *Sinfonía núm. 5 en Mi maior*, op. 77 "*Lenore*" (1872) é a obra máis coñecida e interpretada do autor. Trátase dunha sinfonía programática composta en 1872 e inspirada pola balada homónima de Gottfried August Bürger, un dos escritores máis coñecidos e influentes do s. XIX en toda Europa, pertencente á corrente do *Sturm und drang*. *Lenore* publicouse en 1774 e foi un auténtico fenómeno literario. Trátase dunha balada gótica que ten como argumento a volta dun espectro dende a tumba. *Lenore* bota de menos o seu amado Guillermo que non retorna da Guerra dos Sete Anos, así que desesperada renega de Deus. É entón cando o seu namorado aparece como un espectro a cabalo e xuntos cabalgan ata un cemiterio onde é castigada por perder a súa

fe. A sinfonía ten catro movementos que se reparten en 3 seccións. A primeira non ten conexión argumental coa balada e inclúe os dous primeiros movementos. O *Allegro inicial* ('Felicidade de amor'), presenta unha música de carácter alegre que representa a felicidade dos namorados antes da guerra, porén, un coral de trombóns lúgubre presaxia os malos augurios. Estrutúrase como unha forma sonata coas tres partes habituais exposición, desenvolvemento e recapitulación dos temas da exposición. O segundo, *Andante quasi larghetto*, ten unha forma lied do tipo A B A e intenta retratar o encontro amoroso dos amantes mediante unha música apaixonada. A segunda parte da sinfonía correspóndese co terceiro movemento, un *scherzo* titulado 'Separación', e fai referencia á partida de Guillermo para a guerra. Na primeira sección escóitase un ritmo de marcha *in crescendo* emulando a tropa achegándose a recoller o mozo. No trío, a tristeza da despedida dos amantes é representada por un diálogo entre violíns e violonchelos. Na volta do *scherzo*, a marcha aparece agora en *diminuendo* porque a tropa parte levando a Guillermo e desaparecendo na distancia. A terceira sección é a que propiamente se basea na balada e engloba o último movemento, *Allegro* 'Reencontros na morte'. Ten unha forma libre e lembra aos

poemas sinfónicos de Liszt. A introdución repite algúns dos temas dos movementos anteriores (trazo moi romántico) como a marcha militar, ou o tema de amor, pero cun carácter dramático. O espectro aparece e comeza un tema en *perpetuum mobile* que representa a intensa cabalgada nocturna. O tempo da carreira aumenta ata chegar a un *clímax* e deterse bruscamente diante da tumba para quedar en silencio. Un solemne coral de estilo wagneriano nos metais comeza docemente, crece e logo desaparece.

En síntese: un programa moi variado que inclúe tres xéneros orquestrais –poema sinfónico, concerto e sinfonía– que supoñen neste caso unha ruptura cos moldes establecidos polas conexións coa literatura, a ruptura coas expectativas harmónicas e coas estruturas tradicionais, ou a pescuda de novas cores orquestrais.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
ZAPPEANDO**

XOVES 6 MARZO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Peter Rundel, director

- Charles Ives: Four Ragtime Dances
- Ruth Crawford-Seeger: Andante for strings
- Edgard Varèse: Déserts
- Frank Zappa: Perfect Stranger
- Frank Zappa: Dupree's Paradise
- Frank Zappa: Dog Breath Variations / Uncle Meat
- Frank Zappa: G-Spot Tornado

Coa participación do alumnado da EAEM

CONVERSANDO CON... Peter Rundel

Sala Mozart, 19.45h

Este concerto contará cun servizo de ludoteca para a rapazada de 6 a 11 anos que será atendido por persoal cualificado da empresa Xandobela. As 12 prazas dispoñibles cubriranse por orde de inscrición na web compostelacultura.gal

